



Concello de
Camariñas
A Coruña

BANDO

DONA SANDRA INSUA RIAL, ALCALDESA DO CONCELLO DE CAMARIÑAS (A CORUÑA).

FAI SABER:

Á VECIÑANZA que debido á preocupante situación xerada pola expansión do Coronavirus, o Concello de Camariñas decidiu adoptar as seguintes medidas preventivas:

- A suspensión de todas as actividades municipais deportivas, culturais e de servizos sociais ata o día 30 de marzo, como mínimo e condicionado á evolución da enfermidade.
- A atención ao público nas dependencias municipais limitarase a causas de urxencia e extrema necesidade, chamando previamente ao teléfono do Concello (981736000) ou ao da Casa de Pedra (981737004). Tamén se poderán levar a cabo as xestións precisas a través da sede electrónica (sede.camarinas.net).
- Peche das instalacións municipais: biblioteca, polideportivos...
- Suspensión de todas as actividades, cursos, obradoiros ou accións similares que, por parte de asociacións, agrupacións, veciños e veciñas, etc. se leven a cabo en instalacións ou edificios municipais.
- Suspensión dos mercados municipais previstos, como mínimo, ata o 30 de marzo.

Recoméndase tamén:

- Non levar aos nenos e nenas ao parque infantil.
- Evitar as aglomeracións, realizar viaxes e desprazamentos.
- Seguir as instrucións ditadas polas autoridades sanitarias.

Rógase a todos os veciños e veciñas de Camariñas a máxima colaboración.

A 12 de marzo de 2020.

A alcaldesa,
Sandra Insua Rial